

Esta guía pretende responder á pregunta cal é a diferenza entre as redes sociais académicas e os repositorios institucionais. Para contestar, tomamos como exemplo o modelo de funcionamento de redes sociais como ResearchGate e Academia.edu. Empezamos cunha breve explicación de cada servizo.

ResearchGate e Academia.edu

ResearchGate e Academia.edu son plataformas de redes sociais cuxo obxectivo principal é conectar aos investigadores/as con intereses comúns. Nestas plataformas, os/as usuarios/as poden crear perfís, enumerar as súas publicacións e outras actividades académicas, cargar copias dos manuscritos e establecer conexións cos/as coautores/as e outros académicos. En definitiva, son redes sociais académicas que proporcionan á comunidade investigadora servizos que facilitan os contactos e intercambios. O funcionamento é similar ao de redes sociais como facebook ou linkedIn pero para a comunidade investigadora.

As redes sociais académicas non son repositorios de acceso aberto.

Hai alguna institución académica detrás dalguna destas dúas plataformas?

Non. Ambos os servizos son empresas comerciais. Aínda que Academia.edu ten unha URL ".edu", non está administrada por ningunha institución de educación superior.

Os repositorios institucionais

Un repositorio institucional defínese como un

"Conxunto de servizos prestados polas universidades ou centros de investigación á súa comunidade para recompilar, xestionar, difundir e preservar a súa produción científica dixital a través dunha colección organizada, de acceso aberto e interoperable"(FECYT-CRUE, 2017)

O obxectivo dos repositorios institucionais é o de favorecer a difusión dos contidos académicos da institución, dar visibilidade á investigación realizada polos seus membros e facilitar a conservación e preservación dos traballos.

Así pois, tal como sinala Abadal (2012) *"un repositorio institucional é moito máis que un depósito onde almacenar ficheiros, xa que pódese converter "nunha imaxe" da produción científica e académica da propia institución".*

Os repositorios garanten a xestión, a localización, o acceso, a difusión e a preservación dos traballos de forma permanente. Cumpren cos estándares de interoperabilidade e de metadatos de descrición esixidos polos organismos de financiamento como a European Commission ou o European Research Council.

Os repositorios cumpren cos estándares esixidos polos organismos de financiamento.

A continuación, botemos unha ollada máis de preto a algunhas das principais diferenzas entre estes dous tipos de servizos:

	Investigo	ResearchGate	Academia
Permite a exportación ou recolección	Si	Non	Non
Garantiza a preservación a longo prazo	Si	Non	Non
Modelo de negocio	Non comercial	Comercial	Comercial
Envío masivo de e-mails (por defecto)	Non	Si	Si
Acceso ao teu directorio de contactos	Non	Si	Si
Cumpre cos requirimentos de OA dos órganos de financiamento	Si	Non	Non

Traducido e adaptado de: University of California OSC

Apertura e interoperabilidade

Se xa teño os meus datos en ResearchGate ou Academia.edu, por que teño que volver a subir esa información ao repositorio?

A resposta é simple: ResearchGate e Academia.edu non permiten aos seus usuarios/as tomar os seus propios datos e reutilizalos noutro lugar. Tampouco permiten que a biblioteca estraia eses datos en nome dos/as autores/as.

ResearchGate: [Terms and policies](#)

Academia.edu: [Terms of use](#)

Os repositorios institucionais, pola súa banda, fan que os seus metadatos sexan interoperables e abertos mediante o uso de estándares como [OAI-PMH](#).

Puxen o meu traballo en ResearchGate, é suficiente para cumprir cos requirimentos de acceso aberto de H2020?

Non. Depositar os traballos en ResearchGate ou Academia.edu non se ten en conta para cumprir os requirimentos de acceso aberto esixidos para os proxectos financiados a través de H2020. Os/as beneficiarios/as deben depositar o seu traballo nun repositorio para asegurar a preservación e a dispoñibilidade do documento. O depósito dunha copia dos resultados de investigación nun repositorio (temático, institucional ou centralizado) é obrigatorio mesmo nos casos nos que o/a autor/a teña publicado eses resultados nunha revista de acceso aberto.

Preservación e acceso a longo prazo

ResearchGate e Academia.edu son compañías independentes con fins de lucro que poden pechar o seu negocio en calquera momento. Ambos rexeitan calquera obrigación de advertir aos usuarios se pechan.

Academia.edu: Termination and Account Cancellation: *“Academia.edu reserves the right, at its sole discretion, to discontinue or terminate the Site and Services and to terminate these Terms, **at any time and without prior notice**”.*

ResearchGate: Changes to the services: *“We reserve the right to modify the Service or to offer services different from those offered at the time of the User’s registration at any time...”*

Os repositorios institucionais son administrados por universidades, axencias gobernamentais ou asociacións sen fins de lucro. As propias institucións que xestionan os repositorios avalan e garanten o arquivo a longo prazo. O mantemento e a xestión de Investigo, o repositorio institucional da Universidade de Vigo realízase a través da biblioteca universitaria con persoal bibliotecario e informático.

Cada documento depositado en Investigo leva asignado un **handle, un identificador persistente de recursos de información e obxectos dixitais** que facilita a localización dos documentos con independencia do nome do servidor onde estean aloxados. Isto garante a súa localización e preservación a longo prazo.

O handle componse dunha parte fixa <http://hdl.handle.net/> seguida dun prefixo que identifica o produtor (universidade, editorial, revista...) e un sufixo que identifica o documento (libro, artigo...) separados por unha barra /

Exemplo: <http://hdl.handle.net/11093/1049>

Na Universidade de Vigo, o repositorio Investigo ten asignado o número 11093. Este código vai seguido dun número correlativo de creación que ocupa o documento dentro do repositorio.

O handle asínase de forma automática ao aprobar o depósito dos documentos no repositorio.

Se queres buscar un documento polo seu handle podes teclear o código numérico no navegador antepoñendo a cadea [http://hdl.handle.net/...](http://hdl.handle.net/) ou ir directamente á dirección <http://hdl.handle.net> e escribir o código.

Uso de contactos e datos persoais

ResearchGate e Academia.edu comparten con outras redes sociais como Facebook ou LinkedIn un modelo de negocio baseado na publicidade e o intercambio de datos persoais.

Academia.edu. *“We use your Personal Information... mainly to provide the Academia.edu service... It also enables us to serve you advertising and other relevant content on and off of the Academia.edu Services”*

Na súa política de privacidade, acéptase por defecto o envío de newsletters, márketing, materiais promocionais e outra información que consideran de interese para o/a usuario/a.

Ambos permiten iniciar sesión a través dunha conta de facebook ou google e ao facelo autorizas ás compañías o acceso aos teus datos.

Academia.edu. *“If you create an account or log in into your account using your login credentials from one of your Social Network site accounts, such as a Facebook, LinkedIn, Twitter, Gmail or another e-mail account... we’ll be able to access and collect your name and email address and other PII and non-identifying information that your privacy settings on the SNS account permit us to access”.*

Os repositorios institucionais non teñen fins lucrativos e en ningún caso hai cesión de datos a terceiros.

Entón cal debo utilizar?

A resposta é simple. Ti decides. Podes usar os dous servizos. Son complementarios, un non exclúe ao outro. Como investigador/a debes estar presente nas redes sociais científicas e aproveitar todo o seu potencial de poder conectar persoas con intereses comúns e establecer unha rede de contactos e colaboracións. Tamén debes usar o repositorio da túa institución porque garante a xestión, difusión e preservación das publicacións de forma permanente. Non hai cesión de dereitos a terceiros e respecta os acordos de propiedade intelectual entre os autores/as e os editores. Ademais, lembra que se só compartes o teu artigo nas redes sociais científicas non cumpres cos requirimentos de metadatos e de autoarchivo esixidos por organismos de financiamento como a UE a través do programa H2020. **Pensa no que necesitas, analiza e decide.**

A biblioteca recomenda

Depositar o artigo en Investigo e despois compartir na túa rede social a url (handle) dos contidos depositados no repositorio institucional.

Temas relacionados

Se es beneficiario/a dun Proxecto H2020 e queres usar as redes sociais para mellorar a difusión da túa investigación, recomendámosche a seguinte lectura:

H2020 Programme: Guidance Social media guide for EU funded R&I projects. (2020) European Commission. Recuperado de https://ec.europa.eu/research/participants/data/ref/h2020/other/grants_manual/amga/soc-med-guide_en.pdf

Referencias

Abadal, Ernest. (2012). *Acceso abierto a la ciencia.* Barcelona: Editorial UOC.

Academia.edu. *Terms of use.* Recuperado de <https://www.academia.edu/>

CRUE-FECYT. (2017). *Guía para la evaluación de repositorios institucionales de investigación.* Recuperado de <https://recolecta.fecyt.es/sites/default/files/contenido/documentos/2017GuiaEvaluacionRecolectaFECYT.pdf>

Fortney, Katie and Gonder, Justin. (2015). *A social networking site is not an open access repository.* Recuperado de <https://osc.universityofcalifornia.edu/2015/12/a-social-networking-site-is-not-an-open-access-repository/>

H2020 programme. AGA annotated model grant agreement. (2019). European Commission. Recuperado de https://ec.europa.eu/research/participants/data/ref/h2020/grants_manual/amga/h2020-amga_en.pdf

H2020 programme. Guidelines to the rules on open access to scientific publications and open access to research data in horizon 2020. (2017). Recuperado de https://ec.europa.eu/research/participants/data/ref/h2020/grants_manual/hi/oa_pilot/h2020-hi-oa-pilot-guide_en.pdf

ResearchGate. *Terms and policies.* Recuperado de <https://www.researchgate.net/>

Se necesitas mais información, por favor, contacta connosco

Biblioteca Universidade de Vigo
Área Repositorio Institucional
Rúa Leonardo da Vinci, s/n – 36310

investigo@uvigo.es

Este traballo “Cal é a diferenza entre as redes sociais académicas e os repositorios institucionais” licenciado baixo [CC-BY](#) é unha obra derivada de “[A social networking site is not an open access repository](#)” de Katie Fortney e Justin Gonder utilizado baixo [CC-BY](#).

Última actualización: Maio 2020

Universidade de Vigo

INVESTIGO

Repositorio Institucional